RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Resolución da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas, pola que se adxudica o seguinte expediente:

Expediente:	NI-EIV1-18-038	
Procedemento de adxudicación	Procedemento negociado de acordo co previsto no apartado a) 2º do artigo 168 da LCSP	
Obxecto:	Subministración sucesiva dos medicamentos Fingolimod, Natalizumab e Alemtuzumab para cubrir as necesidades terapéuticas dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.	
	Lote 1	Subministración de Fingolimod
	Lote 2	Subministración de Natalizumab
	Lote 3	Subministración de Alemtuzumab

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 26 de xullo de 2018, autorizou a contratación da subministración sucesiva dos medicamentos FINGOLIMOD, NATALIZUMAB e ALEMTUZUMAB para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, mediante procedemento negociado sen publicidade de acordo co regulado no artigo 168 a) 2º da LCSP.

2. Tras a tramitación do correspondente expediente e recepción das ofertas das empresas candidatas, o 28 de setembro reúnese a Comisión de Valoración para a apertura dos sobres de documentación administrativa (sobres A) correspondentes as seguintes empresas:

   - NOVARTIS FARMACEÚTICA, S.A (A08011074) lote 1
   - BIOGEN SPAIN, S.L. (B83086736) lote 2
   - SANOFI-AVENTIS, S.A (A08163586) lote 3

   Unha vez comprobado que a documentación presentada polas tres empresas é correcta, procedese á apertura da documentación relativa as ofertas (sobres B) das tres empresas licitadoras, comprobándose que as mesmas non exceden do presuposto máximo de licitación e que a documentación presentada é correcta.

   A Comisión de Valoración acorda promover o desenrolo dun proceso de negociación coas empresas tomando como base os criterios de negociación (técnicos e económicos) establecidos na cláusula 7.2 do PCAP que rexe à contratación.

3. Tras a ronda de negociacións, o día 15 de febreiro de 2019, reuniuse de novo a Comisión de Valoración e procedeu á revisión das ofertas finais presentadas polas tres empresas. A Comisión manifesta que ditas ofertas atéñense aos acordos tomados na última sesión de negociación e acorda requirir a documentación exixida na cláusula 7.4. do PCAP.

4. Na súa reunión do día 11 de marzo de 2019, a Comisión de Valoración revisa a documentación aportada por NOVARTIS FARMACEÚTICA, S.A (A08011074), BIOGEN SPAIN, S.L (B83086736) e SANOFI-AVENTIS, S.A. (A08163586), e comproba que esta é correcta, polo que acorda propoñer como adxudicatarias dos contratos para os lotes ás empresas:

LOTES	EMPRESAS	CIF
Lote 1	NOVARTIS FARMACEÚTICA, S.A.	A08011074
Lote 2	BIOGEN SPAIN, S.L.	B83086736
Lote 3	SANOFI-AVENTIS, S.A.	A08163586

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O órgano competente para resolver a adxudicación é a Dirección Xeral de Recursos Económicos, en uso das atribucións conferidas polo Decreto 43/2013 do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG n.º 47 do 7 de marzo de 2013) e a Orde do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG n.º 139 do 20 de xullo de 2012).

2. Na tramitación do expediente observáronse as normas establecidas na Lei 9/2017 , do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

3. A adxudicación dos contratos realizase a favor das empresas que se presentaron xa que se trata dun expediente negociado de acordo co previsto no apartado a) 2º do artigo 168 da LCSP, e que acreditaron o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como a constitución da garantía definitiva.

En base ao anteriormente exposto

RESOLVO:

1. Adxudicar os contratos para os lotes que se detallan a continuación nos seguintes termos:

LOTES	EMPRESA ADXUDICATARIA	CIF	IMPORTE ANUAL ESTIMADO (sen IVE)
Lote 1	NOVARTIS FARMACEÚTICA, S.A.	A08011074	6.432.000,00 €
Lote 2	BIOGEN SPAIN, S.L	B83086736	3.854.781,75 €
Lote 3	SANOFI-AVENTIS, S.A.	A08163586	1.740.000,00 €

2. Que o contido da presente resolución se notifique aos licitadores e se publique no Perfil do Contratante do Servizo Galego de Saúde e da Xunta de Galicia.

3. De conformidade co establecido no artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun contrato suxeito a recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 44, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente o recurso especial en materia de contratación ao que se refiren os artigos 44 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles que se contarán a partir do día seguinte a aquel en que se remita a notificación.

O escrito de interposición do recurso especial poderase presentar por vía electrónica, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, á que se pode acceder a través da seguinte dirección electrónica:

https://tacgal.xunta.gal/procedemtneos.html

En caso de que non se opte por esta vía, cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte a aquel en que se reciba esta notificación en conformidade co artigo 46 da referida Lei 29/1998.

Santiago de Compostela, 13 MAR. 2019

A directora xeral de Recursos Económicos

DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS SERVIZO GALEGO de SAÚDE XUNTA DE GALICIA

María Jesús Piñeiro -Bello